





## Life Fluvial


O obxectivo xeral é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica. Neste ámbito, factores de ameaza como especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios, causan o deterioro e a fragmentación dos hábitats dos corredores fluviais.



## Rio Parga


Os tramos fluviais da ZEC Parga-Ladra-Támoga (ES1120003) constitúen un intrincado corredor biológico que actúa de nexo de unión entre os diversos humedais do territorio. A diversidade d'territorio é elevada, os leitos teñen un alto grao de heteroxeneidade, con grandes meandros divagantes, brazos mortos, illas terríxenas, zonas de rápidos, etc., complexidade a que se une a presenza de un importante conxunto doutros tipos de humedais integrados nos diferentes tramos fluviais.

A orde do tramo fluvial é de 5, posto que tanto o Requeixo como o Parga chegan ao seu punto de confluencia con orde xerárquico 4. O tramo caracterízase pola presenza dun corredor fluvial ben conformado, composto polo leito fluvial, o bosque de ribeira (habitat 91E0\*), e as carballeiras nas ladeiras que ascenden desde o leito do río. Este tramo presenta un elevado valor de conservación, sendo posible identificar meandros e brazos mortos alternando con zonas de augas correntes, sendo un importante reservorio de especies propias de ambos tipos de medios (lentílicos e lóticos).




1 Levouse a cabo unha acción de eliminación e control, realizada de forma selectiva, de especies exóticas invasoras (*Eucalyptus globulus*, *Populus x canadensis*, *Conzya spp.*, *Acacia spp.*, *Robinia pseudoacacia*, *Cortaderia selloana*, *Viburnum sp.*, etc), que constitúen unha ameaza para o estado de conservación favorable do bosque aluvial (habitat 91E0\*).

2 O ataque do fungo *Phytophthora spp.*, causa una gran mortalidade de individuos de Amereiro (*Alnus glutinosa*) na cunca alta do Miño, provocando una diminución no estado de conservación del tipo de hábitat prioritario 91E0\*. En ocasións, os troncos mortos caen, formando obstáculos para a circulación das augas, supondo incluso un risco para as persoas. A retirada de árbores mortas realizouse con sumo coidado, de acordo ao principio de cautela ambiental, dada a fraxilidade e vulnerabilidade destes medios.



3 Tras as acciones de retirada de madeira e especies exóticas, procedeuse cos traballos de restauración do bosque aluvial (91E0\*), mediante la repoboación con especies características da cuberta vexetal do bosque aluvial nos ocos creados por mor da retirada de árbores mortas ou de especies exóticas, así como nas calveiras que presenta o ecosistema ripario. Empregáronse plantas de Freixo (*Fraxinus excelsior*) e Salgueiro (*Salix atrocinerea*) de procedencia compatible.



O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica.

LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021